



CURVA ESPAÑA

a curva na que se matou España
unha produción de CHEVERE
en co-produción con



co apoio de



Distribución
 Crémilo - Carlos Martínez Carbonell
 tlf 678 460 559
 cmcarbonell@cremilo.es

Chévere
 Carballreira de San Lourenzo 38-39, baixo C
 15705 Santiago de Compostela
 tlf 981 594996
 info@grupochevere.eu
 www.grupochevere.eu



que é?

Curva España é un espectáculo de formato medio con catro persoas operando en escena (unha actriz, un actor e dúas operadoras de vídeo). Unha peza que ironiza sobre o xénero documental combinando teatro e cine en directo. Unha alegoría sobre España que se serve dun relato local que se foi transmitindo oralmente de xeración en xeración entre a xente da comarca de Verín (Ourense), para confrontar a realidade coa ficción, a historia coa lenda.

[#cinescénico](#) [#documental](#) [#alegórico](#) [#autoficción](#) [#liberdadeexpresión](#)

info básica

DURACIÓN: 90 minutos

AUDIENCIA: maiores de 13 anos

IDIOMAS: galego e castelán

CONDICIÓNES TÉCNICAS:

-espazo escénico: ancho 10m x fondo 7m x alto 5m
(medidas mínimas: 8m x 6,5m x 4,5m)

-proxector de vídeo e pantalla (aporta a compañía)

-control técnico audiovisuais no escenario

-control técnico luces e son na sala

-tempo de montaxe/probas (mínimo): 5 horas

-tempo desmontaxe: 1,5 horas

ESTREA: 25 de xullo 2019 MIT Ribadavia

OUTRAS DATAS PREVISTAS:

2019

21 agosto, ciudad rodrigo, feira artes escénicas castilla y león

4 setembro, carballiño, FETEGA festival de teatro galego

28 setembro, verín, auditorio municipal

12-13 outubro, santiago de compostela, auditorio de galicia

18-19 outubro, a coruña, teatro rosalía de castro

25 outubro, o barco, teatro lauro olmo

8 novembro, lalín, novo salón teatro

9 novembro, gondomar, auditorio municipal

2020

16 xaneiro, vigo, teatro afundación

17 xaneiro, pontevedra, teatro afundación

24-25 xaneiro, ourense, teatro principal

4 a 15 marzo, madrid, teatros del canal

21 marzo, vilagarcía, auditorio municipal

25 abril, barakaldo



por que?

Nos últimos anos Chévere realizou unha serie de traballos que exploraron as posibilidades do **teatro-documento** e a **memoria colectiva** como desencadeantes dunha ficción teatral. Este proxecto é un paso máis para afondar nos mecanismos narrativos que xorden na fronteira entre a realidade e a ficción, entre a historia e a lenda, entre a pantalla e o escenario.

Iniciar un novo proxecto de creación non é doado. Están pasando moitas cousas e hai moita xente falando ao mesmo tempo. Miramos o mundo e o vemos coma se pasase diante de nós sen a nosta intervención. Fronte a certas cousas sentímonos enganados. Preguntámonos por que a mentira é tan eficaz para encontrar explicacións simples a problemas complexos. Entón atopamos, un pouco por casualidade, a idea das **alternativas infernais** exposta por **Isabelle Stengers** e **Philippe Pignarre**, e nos agarramos a ela para entender que a resposta axeitada non é buscar a verdade fronte á mentira, porque non se trata de mentiras senón de feitizos. O feitizo mantennos atrapadas e bloqueadas coma espectadoras pasivas. Para saír desa encrucillada temos que crear un **contra-feitizo**, unha situación de loita.

Iso é o que para nós significa iniciar este proceso: abrir unha **situación de loita** para pensar en voz alta e aprender en compañía a crear maneiras distintas de ver a realidade, a ver o mundo por nós mesmas.




COÑECES A HISTORIA DA CURVA ESPAÑA?

de que vai isto?

Coma outras veces, partimos dunha **historia moi local**, un relato que se transmitiu de xeración en xeración ao que nos achegamos con todo o respecto. Para iso nos documentamos en arquivos e bibliotecas, apalpando papeis e tirando de fíos dixitais. Entrevistamos a persoas que investigaron eses feitos antes ca nós. Recolle-mos sobre o terreo os testemuños da xente, os seus recordos e as súas palabras. E con todo este material metémonos no local de ensaios para darlle forma teatral. Gústanos poñer a idea en movemento sabendo de onde partimos, pero sen saber exactamente a onde chegaremos.

O **26 de maio de 1927** o enxeñeiro de camiños **José Fernández-España y Vigil** morreu ao precipitarse por un barranco o automóbil que conducía, no lugar da Bouciña Redonda, na parroquia do Navallo, concello de Riós (Ourense), mentres traballaba no estudo do trazado da variante sur por Verín do **ferrocarril Puebla de Sanabria-Ourense**. A versión oficial é que se tratou dun accidente provocado pola mala visibilidade nocturna e a falta de pericia do condutor. O certo é que, despois da morte do enxeñeiro, descartouse a opción sur por Verín, Xinzo e Allariz e as obras de construción da liña ferroviaria se desenvolverán durante os seguintes trinta anos polo Macizo Central ourensán, cun enorme custe tanto económico como de vidas humanas, prolongando o atraso e illamento de amplas zonas de Galicia.

Por que se optou polo trazado máis caro e difícil de todas as liñas españolas? Por que se deixou para sempre sen conectar a parte habitada, produtiva e fronteiriza deste territorio? Para dar resposta a estas preguntas nunca formuladas, as xentes de Verín e contorna foron construíndo un relato alternativo arredor da morte do enxeñeiro España. Unha lenda que agora pode actuar coma un **contra-feitizo** para recrear a realidade histórica dun xeito que so accidentalmente é falso e que lle permite andar polo mundo de boca en boca.



Na historia de España, da Curva España,
memoria e imaxinación vanse superpoñendo
ata non quedar separación ningunha entre
o que pasou e o que imaxinas que pasou

de que trata?

Curva España trata sobre un crime aparentemente sen resolver, unha morte violenta que provoca sospeitas e interrogantes sobre as súas causas, motivacións e consecuencias.

Curva España é a historia dunha investigación sobre un suceso do pasado e sobre as súas implicacións no presente. Un suceso real que tivo un impacto directo limitado a unha pequena comunidade da Galiza interior, pero no que se desvela o xeito no que se vertebrou o estado liberal español durante os séculos XIX e XX, en paralelo á construción do ferrocarril.

A partir da existencia de distintas versións sobre o caso, contamos a historia da morte do enxeñeiro España artellando unha narración escénica que adopta o formato do **documental**, bebe do xénero **policial** e funciona como unha alegoría da construción do estado nación español coma se fose a promesa dun tren que nunca chegou. Porque España chegou en forma de mito, e o mito fala da súa morte nunha curva afastada.

Neste novo cruce de **realidade e ficción** sobre o escenario o obxectivo non é representar o real recreando situacións do pasado, senón facer que a representación en si mesma sexa real. Unha representación que integra unha **narrativa cinematográfica documental construída en directo** a partir da mestura de escenas filmadas en tempo real á vista do público con actores e entrevistas gravadas con persoas reais.

equipo

PERSOAL ARTÍSTICO EN ESCEA

patricia de lorenzo, miguel de
lira, lucía estévez, leticia t.
blanco

DRAMATURXIA, DIRECCIÓN

xron

ESCRITA

xron, manuel cortés, miguel
de lira, patricia de lorenzo

DESEÑO DE ILUMINACIÓN

fidel vázquez

ESPAZO AUDIOVISUAL

lucia estévez, leticia t. blanco,
laura iturralde

ESPAZO SONORO

xacobe martínez antelo

VÍDEO

lucía estévez

GRÁFICA

óscar villán, iván suárez

ESPAZO

chévere

VESTIARIO

renata uzal

COMUNICACIÓN

xana garcía

DESEÑO WEB

max parada

PRODUCCIÓN

inés portela

PRODUCCIÓN EXECUTIVA

patricia de lorenzo

DISTRIBUCIÓN

crémilo carlos carbonell

que dixo a crítica?

Fabrice Corrons

Investigador, profesor da Université Toulouse Jean Jaurès

“Unha obra intelixente, honesta e afouta. Intelixente porque amosa un xogo sobre ficción e realidade, teatro e cine, pasando do coñecido teatro documento á retrospectiva en directo dun documetal teatral. Curva España continúa e supera as experiencias de hibridación feitas coa triloxía Citizen, Eurozone e Eroski Paraíso. Paréceme unha manifestación innovadora do “cine expandido” que pescuda as ligazóns entre storytelling (as lendas), nación e estado. Cómpre salientar o alto grao de honestidade desta obra metadiscursiva, desde o respecto, malia a sutil montaxe, polas tstemuñas, ata unha brillante proposta de autoficción. Curva España é unha declaración de intencións AFOUTA sobre un cuarto poder aquí convertido en “quinta parede” da pantalla para asumirmos a posible e constatada perversión dos medios de comunicación que son un aparato represivo do estado.”

Afonso Becerra

Artezblai, el periódico de las artes escénicas, 29 xullo 2019

“Chévere ha creado esta pieza dando un paso más en ese estilo no lineal y mestizo que utiliza, desde siempre, la veterana compañía, y ahondando en las posibilidades de jugar con una historia, sin representarla, sino ofreciéndonosla desde perspectivas múltiples.

La combinación de teatro y cine en directo, el tránsito del teatro documento al teatro documental y esa indagación sobre la necesidad por la que surgen las leyendas populares, como la de la “curva España”, dan como resultado un espectáculo de una singularidad explosiva. Explosiva porque se adentra en territorios olvidados y marginales, como esa zona apartada y fronteriza, en la comarca de Verín, Xinzo, Vilardevós. En los territorios del control y la censura respecto a las narrativas diversas, alternativas y disidentes. En el desentrañamiento alegórico de cómo se construye un estado nación, que, a día de hoy, sigue siendo problemático. Todo ello desde una historia muy local, dando cabida a las voces de personas anónimas, encajando piezas ficticias con piezas recogidas de la ficción popular y montadas sobre datos “reales”. Hasta ese punto en el que lo real se confunde con lo inventado y lo inventado da pie a lo real. Y todo ello animado desde un substrato cómico muy sutil y empático.

Curva España es un atrevimiento que nos invita a jugar, a fabular, y a repensar el terreno que pisamos.”

Manuel Xestoso

Erregueté revista galega de teatro, 30 xullo 2019

"O xénero policial como método de atopar unha verdade non está moi lonxe de certo documentalismo, e Curva España explora ese territorio de intersección entre o thriller e o teatro documento para construír un relato que ofrece algunhas verdades, algunhas ficcións e moito material para desenmascarar certezas erixidas dende a manipulación.

Nese labirinto de espellos no que os reflexos nunca son fiables, Chévere xoga con honestidade e humildade, deixándolle ao público o papel do detective que establece como sucederon os feitos. Non xoga coa sorpresa dos resultados, senón que mostra os procesos que conduciron a eles. Como un bo protagonista de novela negra, fíxase máis no móbil ca no asasinato en si mesmo. De feito, o enxeñeiro España podería chamarse MacGuffin, e a historia non cambiaría demasiado. Nin a Historia, que é do que realmente fala Curva España."



necesidades técnicas

Espazo escénico

Espazo escénico óptimo: ancho 10m x fondo 7m x alto 5m
(mínimo: 8m x 6,5m x 4,5m)

Cámara negra á alemana

Chan negro

Iluminación

20 PC 1 Kw

8 recortes 25/50º 750 w

4 PAR 64 lámp cp62 (nº5)

2 PAR 64 lámp cp60 (nº1)

48 canles de dimmer

A compañía aporta mesa de luces (1 universo)

Son

PA axeitada ao recinto

1 pé de micro

1 SHURE sm58 ou similar

1 RODE NT5 ou similar

3 monitores (2 envíos)

cableado necesario

A compañía aporta mesa de son e 3 micrófonos inarámicos

Video

Proxector mínimo 5000 lumens pendurado en 1º vara (necesitamos como mínimo 6,50 m ata a pantalla) con conexión HDMI

Cableado necesario ata control de vídeo en escenario (ver plano)

A compañía aporta pantalla de proxección

Carga e descarga

2 persoas

Tempo estimado carga/descarga: 30 minutos – 1 hora

Vehículos

En determinados casos os elementos do espectáculo enviaranse por mensaxería.

Cando non sexa posible, será un furgón de aluguer de pasaxeiros e carga, non superior a 2500-3000 kg.

Se é posible, debería quedar estacionado no teatro ata que a compañía marche.

Se non fose así, aconsellaráse unha zona na que aparcas coa altura axeitada.

Camaríns

Un ou dous camaríns con acceso ao espazo de actuación, con capacidade para 5 persoas e que deberá contar con 5 cadeiras, 1 mesa, auga corrente, espello e calefacción en caso necesario.

Tempo de montaxe

Montaxe e probas: 7 horas (mínimo 5 horas)

Desmontaxe: 1 hora

CONTACTOS

Xefe técnico: Fidel Vázquez
fvazquezdiaz@gmail.com
607 947 797



Prensa, comunicación: Xana García
prensa@grupochevere.eu
635 140 100

Distribución
Crémilo - Carlos Martínez Carbonell
tlf 678 460 559
cmcarbonell@cremilo.es

Produción: Patricia de Lorenzo
patricia@grupochevere.eu
628 474 557

Oficina Chévere (de 10,30h a 15h)
981 594 996

plano de luces



CURVA ESPAÑA

Diseño de Iluminación:

Fidel Vázquez
fvazquezdiaz@gmail.com
0034 607947797

leyenda		
Symbol	Name	Count
	PC 1 Kw	20
	CE Source 4 - 25/50 Zoom	8
	PAR 64 cp62	4
	PAR 64 cp60	2